



SESION EXTRAORDINARIA DE 30 DE NOVIEMBRE DE 2020

(Acta número 12)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto (asiste telemáticamente)
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **trinta de novembro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Antes de dar comezo á sesión, intervén o Sr. Presidente, para dicir o seguinte:

“Imos dar comezo ao pleno convocado para o día de hoxe, que ten tres puntos na Orde do Día. Os dous primeiros, como xa foron informados os Grupos, serán debatidos conxuntamente dado que versan sobre o Orzamento, aínda que despois se voten por separado.

E tamén para que quede xa explicado, dicir que no terceiro punto, en relación con Suplusa, producírase a votación por separado dos puntos A) e B), aínda que é punto único, porque, unha vez consultado o Rexistro, nos indicaron que necesitarían unha certificación específica de socio único; e polo tanto o que facemos é votar por separado os dous puntos dese asunto da Orde do Día.

Aparte diso, en relación co Orzamento hai un pequeno apunte que facer, que creo que xa o saben todos, e ademáis xa está corrixido, onde fala da “Asociación Xesús Bal y Gay”, debe dicir “Fundación Xesús Bal y Gay”.

Feitas estas aclaracións iniciais, pasamos a debater os puntos un e dous da Orde do Día, que é Aprobación, se procede do proxecto de Orzamento da Excma. Deputación Provincial para o ano 2021 e documentación que se acompaña. E o punto dous, proposta de ratificación do acordo da Mesa Xeral de Negociación da Deputación de Lugo de 18 de novembro de 2020, referido á aplicación do incremento adicional da masa salarial do 0,30% previsto no Real Decreto Lei 2/2020, de 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

Dicir tamén que hai un dos Deputados desta Corporación, que é don Efrén Castro Caloto, que ten un pequeno inconvinte de tipo sanitario no sentido de que a esta persoa esta mañá foille feita unha PCR, e polo tanto, como non ten aínda o resultado, é preferible que non estea aquí para non poñer en risco a ninguén, e enviou un correo, documento que se algún Deputado o desexa non hai ningún problema en que se lle facilite, onde comunicaba este feito e ó mesmo tempo solicitaba formar parte deste Pleno, ó que ten dereito.

Feitas as averiguacións legais pertinentes, hai un informe de Secretaría que di que efectivamente ten dereito, non se lle poden coartar os seus dereitos constitucionais a seguir o pleno telemáticamente, así como votar e tomar parte nas decisións que adopte esta Corporación, porque así o solicitou; e para elo establecéronse os medios técnicos oportunos; está conectado xa con todos



nós como se pode apreciar na esquina superior do televisor que temos enfronte. Por tanto seguirá o pleno supoño que dende a súa casa, pero en todo caso está en territorio español, está en Sarria, dende onde pode participar perfectamente no pleno ó que ten dereito”.

COMISIÓNS INFORMATIVAS DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, E DE ASUNTOS DO PLENO

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO PROXECTO DE ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2021, E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA.

Logo de ver o ditame das Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas e de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

Logo de ver a proposta da Presidencia, que di o seguinte:

1º.- O proxecto de Orzamento Xeral da propia entidade ascende a 89.207.591,78 €.

Aumenta en 728.839,95 € respecto de 2020, o que representa o 0,82 %.

O ámbito subxectivo a efecto de delimitar o perímetro de consolidación de tódolos entes dependentes da Deputación clasificados como “Administración Pública” pola IGAE, co fin de avaliar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade, débeda pública, e regra de gasto que establece a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria (LOE), é preciso engadir o Consorcio Provincial de extinción de incendios, co seguinte detalle:

- A propia entidade:	89.207.591,78 €
- Consorcio Provincial de extinción de incendios:	5.483.017,36 €
- Consolidación dos 2 entes (LOE)	92.418.752,96 €

Aumenta en 675.959,35 € respecto de 2020, o que representa o 0,74 %.

Os estados de ingresos e gastos por capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

ORZAMENTO DEPUTACIÓN	Consortio Bombeiros	TRANSFER. OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
-------------------------	------------------------	---------------------------	----------------------

I N G R E S O S

Op. non financeiras (1-7)	88.907.591,78 €	5.483.017,36 €	2.271.856,18 €	92.118.752,96 €
1. IMPOSTOS DIRECTOS	5.785.953,00 €	- €		5.785.953,00 €
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	5.092.718,96 €	- €		5.092.718,96 €
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	3.436.297,30 €	939.205,00 €		4.375.502,30 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	74.495.023,87 €	4.543.712,36 €	2.271.856,18 €	76.766.880,05 €
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	31.000,00 €	100,00 €		31.100,00 €
6. ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	- €	- €		- €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	66.598,65 €	- €	- €	66.598,65 €
Op. financeiras (8-9)	300.000,00 €	- €	- €	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €			300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	- €			- €
TOTAL	89.207.591,78 €	5.483.017,36 €	2.271.856,18 €	92.418.752,96 €

G A S T O S

Op. non financeiras (1-7)	87.213.358,22 €	5.483.017,36 €	2.271.856,18 €	90.424.519,40 €
1. GASTOS DE PERSOAL	28.758.109,31 €	4.553.888,50 €		33.311.997,81 €
2. GASTOS CORR. EN BENS E SERV.	25.749.293,27 €	794.263,00 €		26.543.556,27 €
3. GASTOS FINANCIEROS	130.750,00 €	100,00 €		130.850,00 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	15.637.169,42 €	- €	2.271.856,18 €	13.365.313,24 €
5. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	633.967,16 €	40.985,86 €		674.953,02 €
6. INVESTIMENTOS REAIS	8.216.846,48 €	93.780,00 €		8.310.626,48 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	8.087.222,58 €	- €	- €	8.087.222,58 €
Op. financeiras (8-9)	1.994.233,56 €	- €	- €	1.994.233,56 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	380.769,23 €	- €		380.769,23 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	1.613.464,33 €	- €		1.613.464,33 €
TOTAL	89.207.591,78 €	5.483.017,36 €	2.271.856,18 €	92.418.752,96 €

Cúmrese cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública. O límite de gasto non financeiro ascende a 90.424.519,40 €, atendendo a criterios orzamentarios e non de contabilidade nacional.

A masa salarial consolidada do persoal laboral incluída no orzamento 2021, formada por todas as retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social, no seu caso, e sen aumento retributivo para 2021, resulta una masa salarial laboral consolidada en 2021 ascendente a 7.027.579,65 €, co seguinte detalle:

Deputación: 3.885.096,12 €

Consortio de extinción de Incendios: 3.142.483,53 €



Ditas retribucións adecuaranse ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2021, consignando a tal fin a previsión do 0,9 % das retribucións no fondo de continxencia.

Orzamento Xeral únense como anexos:

- Plan Orzamentario a medio prazo (2021-2023).
- Anexo de Investimentos ou Plan de Investimentos da propia Entidade.
- O Estado de previsión dos movementos e situación da débeda.
- Como documentación complementaria achégase a previsión do Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
- Informe de avaliación de estabilidade, regra de gasto, límite de gasto non financeiro e débeda pública.

2º.- O Orzamento da propia Entidade en 2020 estaba cifrado en 87.368.142,62 €, o presente aumenta en 1.839.449,16 €, o equivalente 2,11 %, e distingue entre ingresos e gastos por operacións non financeiras e financeiras, co seguinte detalle:

INGRESOS	
Op. non financeiras (1-7)	88.907.591,78 €
Oper. Corr. (1-5)	88.840.993,13 €
Oper. Cap. (6 -7)	66.598,65 €
Op. financeiras (8-9)	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	- €
TOTAL INGRESOS	89.207.591,78 €

GASTOS	
Op. non financeiras (1-7)	87.213.358,22 €
Oper. Corr. (1-5)	70.909.289,16 €
Oper. Cap. (6 -7)	16.304.069,06 €
Op. financeiras (8-9)	1.994.233,56 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	380.769,23 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	1.613.464,33 €
TOTAL GASTOS	89.207.591,78 €

Os Capítulos de Investimentos e de Transferencias de capital ascenden a 16.304.069,06 €, redúcese en 2.791.441,93 € respecto ao 2020, equivalente ao 18,28% do orzamento, e se financian do seguinte xeito:

-Transferencias de capital: 66.598,65 €

-Alleamento de investimentos reais	0,00 €
-Recursos ordinarios:	16.237.470,41 €
-Operación de crédito a l/p:	0,00 €

Os Capítulos 6 e 7 son obxecto de aumento pola incorporación de remanentes, e por outras modificacións orzamentarias ao longo do exercicio.

Ao Orzamento da propia Entidade únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2019, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario.
- Liquidación do Orzamento de 2020 referida a seis meses do exercicio, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario sen axustar.
- Estimación da Liquidación do orzamento de 2020 referida ao 31 de decembro.
- Anexo de persoal, e masa salarial laboral.
- Anexo ou Plan de investimentos que se prevé realizar no exercicio, debidamente codificado, e o seu financiamento.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo de información sobre convenios subscritos coa CCAA, en materia de gasto social.
- Informe económico-financeiro

3º.- Inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da Deputación, sendo de aplicación ao Consorcio en función da súa maior ou menor identidade orgánica ou funcional.

Polo que vai dito, o presente Orzamento Xeral informado pola Interventora, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (art. 112), do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (art. 162 e seguintes), e Rd 500/90, do 21 de abril, proponse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:



1º.- Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio 2021 que ascende a 89.207.591,78 €, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.

2º.- Aprobar o Cadro de Persoal da Deputación, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.

3º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral.

4º.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para 2021 ascendente a 90.424.519,40 €, e a masa salarial consolidada do persoal laboral que ascende a 7.027.579,65 €

5º.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo (2021-2023).

6º.- Dación de conta do Plan de Investimento e Financiamento do 2021.

7º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, e Comisión de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao, D. José Angel Santos Sánchez, D^a. Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Os Orzamentos da Deputación de Lugo para o ano 2021, que traemos hoxe a pleno para o seu debate e aprobación, ascenden a 92.418.752,96 euros, case noventa e dous millóns e medio incluíndo o presuposto da propia Institución provincial e do Consorcio de Bombeiros.

Puidemos aumentar o orzamento en preto dun 1% con respecto a este 2020 porque, aínda que baixa algún ingreso corrente debido ós efectos da pandemia, compensámolo coa aportación do Estado que sobe un 3%.

Con respecto ós gastos, gustárame destacar o Capítulo II, de gastos en bens e servizos, que aumenta en máis dun 20% debido sobre todo a que ampliaremos a nosa rede de centros públicos de atención a maiores coa apertura de novas residencias.

Tamén quero destacar a conxelación dos soldos dos membros desta Corporación Provincial, a proposta do Presidente; un xesto que os responsables políticos debemos facer por responsabilidade e por solidariedade con tantos veciños e veciñas que o están a pasar mal. A nosa vocación de servizo público está por riba de todo.

Estes son uns orzamentos centrados nas persoas e na recuperación da economía, que ofrecen estabilidade, rigor e confianza ós concellos, ó tecido produtivo, e ós veciños e veciñas da provincia por dous motivos. En primeiro lugar porque os aprobamos en tempo e forma para que teñan efecto dende principios de ano, algo especialmente importante no actual contexto de loita contra o impacto da crise sanitaria. E en segundo lugar polas políticas e as medidas que recollen.

Con estes orzamentos, que están pegados á realidade social e económica da provincia, dende a Deputación seguiremos traballando da man dos concellos e do tecido social e produtivo para mellorar e aumentar os servizos públicos, e para favorecer a recuperación económica. Para conseguilo nestes presupostos incidimos e reforzamos as nosas liñas de traballo prioritarias, as políticas sociais, o apoio ós sectores produtivos estratéxicos, a cooperación cos concellos e co tecido social, e a mellora da mobilidade.



Polo que respecta ás políticas sociais, a Deputación de Lugo dedica un tercio do total do orzamento a políticas sociais, porque cremos que é o mellor modo de garantir a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas, sobre todo as dos máis vulnerables. Son trinta millóns de euros para benestar, igualdade, emprego, cultura, deportes, xuventude, memoria histórica e educación. Seguimos financiando e prestando moitas políticas sociais que son competencia autonómica sen que a Xunta de Galicia aporte ningún recurso novo.

Dentro das nosas políticas sociais destaca o investimento en emprego, no 2021 duplicamos os recursos para mantemento e creación de emprego na provincia mobilizando nove millóns, cinco deles contemplados nos propios orzamentos, e catro máis procedentes de fondos europeos.

Destaca tamén o investimento para seguir ampliando a nosa rede de centros públicos de atención a maiores. O orzamento contempla oito millóns de euros para residencias, que se suman ós catorce millóns que temos mobilizado para centros que se están construíndo ou que están comprometidos. O centro de maiores de Castroverde funcionará xa a principios do ano 2021, o de Pedrafita a partires de febreiro, e os de Meira e Navia abriranse ó longo do ano. Polo tanto dobraremos o número de residencias en marcha, de catro a oito, e con elo ofreceremos case duascenas novas prazas asistenciais e crearemos cen novos postos de traballo directos no rural.

A nosa rede de centros públicos de atención a maiores crea emprego sostible no rural, e garante o benestar e a tranquilidade dos usuarios e das súas familias grazas a un modelo público de proximidade, de calidade, e que pon no centro ás persoas. Un modelo que se viu revalidado nesta crise sanitaria, e que dende a Deputación, insistimos, é un bo espello no que mirarse agora que a Xunta admite a necesidade de revisar o seu.

Gustaríame destacar tamén que sobe a partida para igualdade nun 20%, e que mantemos o servizo de teleasistencia domiciliaria e tamén as axudas para a prestación do servizo de axuda no fogar, neste caso con 1,3 millóns a través do Plan Único.

Polo que respecta ós setores produtivos estratéxicos, en tanto que pegados á realidade da nosa provincia, cos orzamentos de 2021 reforzamos o apoio ós nosos setores estratéxicos como son

o setor primario e o setor turístico. As partidas para accións enfocadas ó setor agrogandeiro, forestal e do mar, soben un 13% ata os 2,3 millóns de euros. O obxectivo é favorecer a diversificación da produción, a competitividade, a produtividade, e a xeración de valor engadido, en colaboración co setor e coa Universidade.

En canto ós fondos para turismo, aumentan un 10% ata os tres millóns de euros, co fin de apoiar a un dos setores que peor o está a pasar nesta crise; creamos dous programas específicos para fomentar o turismo de proximidade e a promoción dos produtos artesanais.

Polo que respecta á cooperación cos concellos e co tecido social, a Deputación é o concello dos concellos, polo que a cooperación cos 67 municipios da provincia é unha política transversal deste goberno que imos seguir desenvolvendo no 2021. O noso principal instrumento de cooperación, o Plan Único, estará dotado con 11 millóns no orzamento, que se elevarán ata os 21,3 millóns coa incorporación de remanentes como se fixo ata agora.

No marco da cooperación destaca tamén a posta en marcha o vindeiro ano dun programa para a dotación e mellora de servizos públicos e comunitarios, que este ano comeza con 300.000 euros. E polo que respecta á mellora da mobilidade destinamos 16 millóns de euros”.

Seguidamente intervén a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Permítanme trasladarlle ó compañeiro Efrén un agarimoso saúdo, e desexarlle, se é que dá positivo, unha pronta recuperación.

Hoxe estamos aquí para presentar os orzamentos do 2021, que consolidan a aposta inicial deste goberno, e do BNG, pola normalización do funcionamento da Institución no senso máis amplo.

Conseguimos neste ano demostrar que se pode traballar de xeito conxunto cunha finalidade, que é mellorar e axudar á vida das persoas que viven nas distintas comarcas de Lugo, a



maiores da situación tan especial que nos obrigou a cambiar e a modificar moitas desas actuacións para adaptalas ás situacións que nos fixo vivir esta pandemia sanitaria.

Seguimos, diante dese problema, defendendo un sistema de atención ás nosas maiores e ós nosos maiores, unha prestación sanitaria pública e de calidade a través das residencias para maiores, onde ademáis se puido demostrar que se pode primar a atención fronte ó negocio puro e duro como vimos últimamente por desgraza noutras partes do noso país.

A pesares de que esta Administración asumiu unha competencia que non lle correspondía, como é a atención ós maiores, si que se comprometeu con manter unha dotación importante económica asumindo así ese compromiso que por parte da Xunta de Galicia, como é a súa obriga, non foi así. Tamén é importante apreciar as partidas para asistencia social que, aínda que pese a non ser moi chamativas, contribúen claramente á cohesión social.

Tamén estes orzamentos avanzarán na consolidación do modelo de xestión implantado co Plan Único, e que recolle transferencia de fondos ós concellos en base a criterios obxectivos. Miraremos de mellorar a súa dotación cando se incorporen os remanentes, e de continuar adaptandoo á realidade que tiñamos nese momento, como se fixo este ano coa liña de axudas para gastos pola Covid.

Os sectores produtivos da provincia continúan a recibir a atención e o apoio da Deputación, sendo conscientes de que non podemos nin debemos substituír ás Administracións con competencia na materia, como son a Xunta e o Estado.

Queremos tamén poñer en valor o traballo feito dende as diferentes Áreas, en particular tamén dende a Área de Cultura e Deportes, quizá polas súas características diferentes para axudar a manter o tecido asociativo e de clubs e, na medida do posible, das súas actividades principais ou outras alternativas que tivemos que ir cambiando e adaptándonos á situación sanitaria.

A mellor maneira de axudar ós profesionais da cultura e do deporte é sempre darlles traballo e pagarlles por elo, e a mellor maneira de que a xente os valore é que cheguen a tódolos recunchos do noso territorio do país. Aí dicir que efectivamente dende as áreas de cultura se fixo un

esforzo mantendo esas actividades para que os fondos chegaran ó fin para o que foron destinados, que é axudar a todo ese tecido cultural que traballa pola nosa cultura en todo o país.

Supoñen ademáis no total dos fondos da Deputación os adicados á cultura un 7,5% do orzamento, que ademáis toma especial relevancia neste momento xa que a cultura, ademáis da hostalería e do comercio, son un dos setores que máis está a sufrir o impacto económico da pandemia.

Gustaríame dicir tamén que baixo o epígrafe de cultura destacamos que algo máis dun millón de euros invístese en axudas directas ó tecido asociativo, con convocatorias dirixidas ás asociacións de base e entidades adicadas á promoción e a dinamización cultural en distintos eidos, entre elas as que traballan a prol da normalización do galego.

Seguimos a impulsar as programacións culturais, algunhas xa consolidadas como é o caso de Musiqueando, Buxiganga, e Proscenio, que se organizan en colaboración con concellos, ou tamén en colaboración con colectivos e asociacións, que son as grandes dinamizadoras da actividade cultural na provincia.

Tamén o orzamento da Rede Museística, con catro centros museísticos como son o Museo Provincial, o Museo do Mar de San Cibrao, o Pazo de Tor, e o de San Paio de Narla; garantimos con este orzamento a continuidade do seu labor de conservación, estudo e divulgación do patrimonio, e tamén a execución de distintas actuacións de mellora que son actuacións de conservación dese patrimonio, porque tres dos catro museos teñen a catalogación de bens de interese cultural.

Dous coma oito millóns en axudas a clubs e deportistas, tamén uns dos afectados polos paróns e restriccións da actividade competitiva por mor do Covid. Manteranse as axudas de concorrencia dirixidas fundamentalmente ó deporte de base, e tamén o apoio ós clubs de primeira e segunda división estatais.

Preven ademáis un orzamento de 600.000 euros no mantemento das instalacións que xestiona a Deputación de Lugo, como é o Pazo Provincial de Deportes e a Escola de Pigaiismo.”



Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do partido Popular, no seguinte sentido:

“Eu creo que hoxe estamos aquí ante un día moi triste, porque reflicte o que é un goberno decadente que leva á Deputación ó recorte sistemático de servizos que estaba dando, e a un aumento de gasto considerable e totalmente desbocado. Que vergoña de orzamentos, señores!. Como podemos estar falando practicamente dun orzamento curta e pega que ata ten parte dos erros tipográficos que tiña o do 2019?; nin os miraron, Sr. Tomé.

Cando vostedes dixeron que ían facer un proxecto de orzamentos continuista quedamos anonadados, como pode ser continuista un orzamento dunha Deputación na situación na que estamos?; están as familias de Lugo, están as empresas de Lugo, están os autónomos de Lugo, están os setores produtivos desta provincia igual que hai un ano?; como se pode defender un proxecto continuista xusto neste momento?.

Pero é que analizado, cos poucos días que nos deron, nin sequera é continuista, é un proxecto decadente, e voulle dicir porqué. Vostedes van gastar para o ano que ven nesta Deputación noventa millóns de euros, é dicir 780.000 máis có ano pasado, e sen embargo van investir tres millóns de euros menos no tecido industrial e no tecido económico desta provincia, é dicir que van aumentar os gastos correntes e de todo tipo en catro millóns de euros, xusto o que non necesita esta provincia.

Como é posible que non sexan capaces de defender unha ampliación do Plan Único de Cooperación cos Concellos na situación na que estamos?, nin un euro máis. Como é posible que non teñan un plan Covid para esta provincia, de apoio estratéxico ás persoas que máis o necesitan e ás empresas e comarcas que máis están sufrindo neste momento?; fai falta recordar como está a Mariña?, fai falta recordar como está Alcoa?, como está o turismo?, como está a Ribeira Sacra?, como está Lugo?, como está a montaña?; fai falta recordarlles iso para ver os seus tristes presupostos?.

Vostedes ademáis van aprobar uns presupostos que enterran a gran xestión provincial que durante anos fixo a Sociedade Provincial Suplusa, unha empresa pública 100% desta Deputación, que defenderon tódolos Presidentes que houbo, incluídos lóxicamente os socialistas, e que vostede lle pega carpetazo sen plan B; vostede deixa á provincia para o ano 2021 sen xestión urbanística de ningún tipo para o solo industrial da provincia, deixa á provincia sen xestión de ningún tipo para novas residencias e centros de atención a maiores, deixan á provincia hipotecada nunha encomenda de xestión con Tragsa que custa o dobre ós lucenses do que lle custaba a xestión de Suplusa. Eses son vostedes.

E o que pasa é que estes presupostos teñen unha triunfadora e unha perdedora, unha triunfadora que é a señora que está ó lado do señor Presidente, a señora Vicepresidenta, que veu aquí, segundo dixo, para baleirar de contido a esta Deputación e para pechala, e así o está facendo señora Ferreiro, noraboa, están pechando a Deputación e acabando cos servizos e coas funcións que facía, iso si, sen reducir o gasto, subindo catro millóns de euros; esa é a súa xestión.

Mentres están cómodos aí deixan fóra a situación que se vive na rúa, que se vive neste ano tan complicado; e ademáis fannos, señor Tomé, sen consenso. O noso voceiro o 19 de outubro ofreceulle a man tendida deste Grupo, do primeiro Grupo da provincia, tanto en número de apoios de veciños coma de concellos, e vostede rexeitouno, riuse del; é máis, contestou o 27 a última hora dicindo que se debata no Pleno, que grande se lle está facendo isto señor Tomé!; compárese vostede cos seus predecesores, compárese co señor Darío Campos, co follón que vostedes tiñan!, vostedes si que tiñan un chiringuito no Partido Socialista.

O señor Darío Campos foi capaz de sacar os orzamentos sen votos en contra, e con apoio expreso a favor de máis de vinte Deputados, e vostede confórmase cos seus trece; e dicir, converte o presuposto da Deputación nun trámite para irse de Nadal, nun trámite que só apoian vostedes, porque non foron capaces de consensuar nada nin de falar con ninguén; e alguén vai preguntar para que serve esta Deputación?, para eliminar servizos e aumentar os gastos, que lóxicamente é o que pensa a señora Ferreiro, e iso é o triste, estamos nas mans dun goberno que o dirixe quen quere cerrar esta Deputación, e así estamos; porque non colleu a man tendida, que ademáis está reforzada en feitos e en datos; o Partido Popular foi quen de apoiar a gobernos con presidentes socialistas nos



últimos anos, agora perdemos todo iso, facémonos unha tartaruga, un animal lento, moi pesado, cunha carga moi grande que non é eficiente.

Vostedes non modernizan a administración, vostedes estana antigando, porque esta Deputación agora mesmo na provincia de Lugo é a única Administración que non ten un órgano público de xestión do solo industrial, nin de xestión da encomenda de creación de novos centros; como van ir polos concellos?, que lles van dicir ós alcaldes?, que isto é igual có ano 2020?, pois non, cambiou todo, cambiou a sociedade, cambiou a provincia, e cambiou a vida, menos para vostedes que están moi cómodos e fan duns orzamentos xa non nin continuistas senón decadentes”

A continuación intervéñ a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“En primeiro lugar no que se refire a que din que os orzamentos son de continuidade, continuamos reforzando as nosas liñas de traballo, como dixeran antes, que son as políticas sociais, o apoio ós sectores produtivos estratéxicos desta provincia, a cooperación cos concellos, e tamén á mellora da mobilidade.

No que respecta ó que lle imos dicir ós Alcaldes, que vostede remataba precisamente con isto; pois a verdade ós alcaldes o goberno provincial socialista lles podemos dicir que van poder seguir contando cos fondos que recibían desta Deputación Provincial, como mínimo coa mesma cantidade de diñeiro que recibiron nos últimos anos a tódolos concellos da provincia, e penso que non lles pode dicir o mesmo o Sr. Feijóo que vén de recurtarnos a tódolos concellos galegos catro millóns e medio de euros nas achegas de transferencias ós concellos, non sei se serve mellor ese orzamento para os concellos e para os alcaldes lucenses que o desta Institución provincial.

Polo que respecta a que baixan os investimentos, é certo que baixan, pero vostedes esquecen dicir que, se ben baixan os investimentos e soben os gastos en bens correntes e servizos, é precisamente porque vimos de rematar a construción de varias residencias que imos poñer en marcha durante este ano, que van xerar cen postos de traballo directos, e que con elas imos atender a máis de cento vinte maiores da nosa provincia. Todo isto, por certo, sen axuda da Xunta de Galicia.

Con relación ao que manifestaba vostede de que non temos ningunha medida para paliar a crise sanitaria que estamos a vivir, isto é o que veñen dicindo pleno tras pleno, e nós dicímoslles tamén sempre o mesmo, despois de adiantarlles os anticipos ós concellos da recadación dos seus impostos, dende a Deputación co Plan Único puxemos a disposición deles 10,6 millóns de euros; o que a Xunta fixo durante este tempo foi precisamente deixar moitas das subvencións sen efecto, e non dar nin un só céntimo máis para os concellos.

E logo falaba da situación que se está a vivir no día de hoxe, eu creo que coa aposta que facemos dende a Deputación priorizando a mobilidade rural, dotando de 16 millóns de euros para mellorar as nosas estradas e para levar a cabo obra pública, así como o incremento que ten a área de turismo en tres millóns de euros, que imos paliar a situación económica que estamos a vivir agora na nosa provincia derivada desta crise sanitaria”.

Intervén a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Este orzamento incrementa nun 50% o seu orzamento na área de medio rural e mar, para reforzar as liñas nas que se veñen traballando dende a súa creación ó inicio desta lexislatura, moi centradas na promoción do tecido produtivo, na sustentabilidade e no apoio a iniciativas que apostan pola fixación da poboación no rural.

Ampliarase tamén o soporte económico do programa “O que non arde”, unha iniciativa pioneira ademáis dende unha Institución provincial coa que se apoia ós concellos da provincia que velen polo cumprimento da normativa contra os incendios. Unha partida orzamentaria para a memoria histórica, incorporan unha partida específica para a memoria histórica, un epígrafe que ata agora non se contemplaba na estrutura orzamentaria a pesares de que a Lei de Memoria Histórica insta ás administracións locais a colaborar na procura da verdade, xustiza, reparación, e garantías de non repetición en relación co golpe de estado do 36 e da dictadura franquista.

Eu entendo a tristeza da bancada do Partido Popular, de que estean ofendidos, incluso tendo a súa carraxe, porque o que hoxe lles parece ben mañá non lles parece, e é curioso que



saquen aquí o tema de Suplusa, é normal que estean tristes porque acábanlles de liquidar un chiringuito que só lles queda, como copia dese chiringuito, a Deputación de Ourense, onde a Presidencia é hereditaria. Entendo tamén que cambien a súa opinión para o que lles parece segundo no momento en que estean.

Baleirar a Deputación, si señor García, baleirar a Deputación para que cada Administración asuma a súa responsabilidade, que é o que non está a facer a Xunta de Galicia en dous exemplos moi concretos, como pode ser desatender todo o noso patrimonio cultural, histórico-artístico, que temos espallado e que está caendo a cachos, que se está perdendo unha parte importantísima da nosa historia e a Xunta non move un dedo.

E despois algo que para o noso punto de vista é moito máis importante, que é a responsabilidade de atender ás persoas maiores, ás persoas dependentes, primando o coidado, e non permitindo que a saúde e a vida dos nosos maiores sexan un negocio para empresas amigas que buscan un rendemento económico, e iso que podemos ver tódolos días non é algo que inventemos dende este goberno porque, por desgraza, esta situación sanitaria demostrou cal é a liña política que considera o PP para cuidar ós nosos maiores e atender esas necesidades, que se non fora por esta Deputación moitos dos nosos maiores estarían privados dos coidados precisamente que a Xunta, responsable neste caso, non lles está dando”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Eu agradezo antes de nada que se recoñezan datos obxectivos, que a representante do Grupo Socialista recoñeza que se van baixar as inversións, e é verdade, tres millóns de euros, e que se aumentan os gastos catro millóns de euros; son datos obxectivos, polo tanto que non haxa controversia niso xa é un avance.

Tamén agradezo que a señora Ferreiro recoñeza que se está baleirando a Deputación, que é o que vostede pretende, iso si, aumentando os gastos para os cidadáns, o seu baleiro de servizos o que dá é máis gastos para os cidadáns, porque donde está nestes orzamentos para o ano que vén algunha xestión de solo industrial?, van ir vostedes dicirlle ós veciños de Riotorto que se acabou o

do solo industrial de Riotorto, que levan quince anos esperando por el, e remataron agora o proceso?; van ir ó Saviñao e dicirlles, señor Tomé, que vostede xa non fai mais centros de atención a maiores?, que por certo tódolos que hai os fixo Suplusa, ese “chiringuito” é quen lles fixo tódalas residencias e tódolos centros e os polígonos industriais que ten esta provincia; e vostedes, que cambian de chiringuito, gastan nas zonas verdes agora en Tragsa o dobre; ou sexa que vostedes eliminan servizos pero custan máis, saen carísimos, os seus gobernos que acaban coas Deputacións saen carísimos.

E, señor Tomé, o seu erro para nós e non ter tido en conta ó Partido Popular, porque nós si que confiamos nos servizos que presta e prestou esta Deputación, e si estamos orgullosos por suposto de Suplusa, xa o dixemos, e os datos demóstrano, todo o que se fixo no solo industrial desta provincia fíxoo Suplusa, todo o que se fixo en centros de atención a persoas maiores, toda a rede de residencias, fíxoo Suplusa brillantemente, agás na parte final que veu na apertura polo lio no que se meteron os socialistas da provincia de Lugo.

Polo tanto, de que están presumindo?, están presumindo de acabar coa Deputación e con estes servizos, estanlle a dicir ós cidadáns, ós veciños do Saviñao, que non vai haber quen xestione esa residencia para a que teñen os terreos; nin en Riotorto van ter un solo industrial.

Onde está o seu plan covid?, que lles din ás familias da provincia de Lugo que tan afectadas estan neste momento?; a tódalas empresas que están cos ERTES?; a todos eses novos parados que van sair no ano 2021?, que lles din?, para que serve isto?; ímonos adicar todo o 2021 ós dous clásicos favoritos?, a atacar a Feijóo e á Xunta que para iso vimos, e condenar ó franquismo e ó 36 que para iso estamos; e que dirán os cidadáns?, que pode sentir un cidadán que diga que vostedes presumen de baleirar servizos, de que esta Deputación sirva para moito menos, que non sexa relevante para moitos concellos, que perdan e se xeren novas discriminacións no rural.

Vostede, señor Tomé, dicía no seu momento que ía ampliar o Plan Único da provincia no vinte e cinco por cento, onde está?. Vostede foi o que dixo aquí que non ía ensanchar a rede de estradas da provincia porque total para os que hai!, para os votos que alí hai; este é o futuro no ano 2021 desta Deputación, lamentable e moi triste”.



Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Gustárame neste turno final dirixirme ós concellos, ó tecido produtivo, e ás veciñas e veciños desta provincia, para recalcar que grazas a estes orzamentos que hoxe aprobamos imos seguir traballando da súa man para mellorar a vida das persoas, e para loitar contra os efectos da crise sanitaria no emprego e na economía.

Porque os orzamentos que presentamos son uns orzamentos centrados nas persoas e na recuperación da economía. As cifras, señor García, non xeran controversia ningunha, pero se vostede vai á páxina 54 do orzamento verá que no que se refire ó programa 2315 centro de atención a maiores o que hai consignado en gastos correntes son 5.374.189,43, e en investimentos reais 1.500.000 euros; esa é a realidade, aumentos do gasto corrente porque as obras están rematadas e imos, por moito que lles pese, seguir poñendo novas residencias en marcha señor García”.

Rematado o debate, en primeiro lugar sométese a votación o primeiro punto relativo á Aprobación, se procede do proxecto de Orzamento da Excma. Deputación Provincial para o ano 2021 e documentación que se acompaña; e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

A continuación procédese á votación do segundo punto da Orde do Día relativo a Proposta de ratificación do acordo da Mesa Xeral de Negociación da Deputación de Lugo de 18 de novembro de 2020, referido á aplicación do incremento adicional da masa salarial do 0,30% previsto no Real Decreto Lei 2/2020, de 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público; e verificada a mesma, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

2.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DO ACORDO DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO DE 18 DE NOVEMBRO DE 2020, REFERIDO Á APLICACIÓN DO INCREMENTO ADICIONAL DA MASA SALARIAL DO 0,30% PREVISTO NO REAL DECRETO LEI 2/2020, DE 21 DE XANEIRO, POLO QUE SE APROBAN MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE RETRIBUCIÓNS NO ÁMBITO DO SECTOR PÚBLICO.

Logo de ver o ditame das Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas e de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“A proposta da Presidencia di o seguinte:

“...

A Mesa Xeral de Negociación de condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Deputación Provincial de Lugo, en uso das atribucións que lle confire, en materia de negociación colectiva, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, integrada polas organizacións sindicais UGT, CCOO, CSIF e CIG, que representan á totalidade dos integrantes dos órganos unitarios de representación do persoal funcionario e laboral da Entidade (Xunta de Persoal e Comité de Empresa), acadou un acordo sobre

“APLICACIÓN DO INCREMENTO ADICIONAL DA MASA SALARIAL DO 0,30% PREVISTO NO REAL DECRETO LEI 2/2020, DE 21 DE XANEIRO, POLO QUE SE APROBAN MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE RETRIBUCIÓNS NO ÁMBITO DO SECTOR PÚBLICO”.

ANTECEDENTES

A Mesa Xeral de Negociación, en sesión negociadora, celebrada o 12 de febreiro de 2020, analizou o contido do Real Decreto Lei 2/2020, de 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, e adoptou un acordo sobre aplicación do incremento retributivo que, para o ano 2020, prevía no seu artigo 3.Dous, consistente nun incremento global do 2%; co apoio maioritario dos seus integrantes (UGT, CCOO, CSIF), absténdose a representación da CIG.



O dito incremento retributivo foi aplicado, tanto nas retribucións básicas como nas retribucións complementarias, a todo o persoal funcionario, laboral e eventual da Deputación Provincial de Lugo, en servizo activo, con efectividade do 1 de xaneiro de 2020.

Na mesma disposición legal (artigo 3. Dous, último parágrafo do Real Decreto Lei 2/2020, de 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público) contéplase a posibilidade de autorizar un incremento adicional do 0,30% da masa salarial para *“entre outras medidas, a implantación de plans ou proxectos de mellora da produtividade ou a eficiencia, a revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables, a homologación de complementos de destino ou a achega a plans de pensións”*.

PROPOSTA SOBRE APLICACIÓN DESTE INCREMENTO ADICIONAL .

Logo do correspondente proceso negociador, nunha reunión negociadora da Mesa Xeral de Negociación, celebrada o pasado 18 de novembro de 2020, co apoio unánime das organizacións sindicais que a integran, adoptaron o seguinte acordo:

“Que o incremento adicional do 0,30% da masa salarial sexa destinado a engrosar a dotación do Capítulo I dos Orzamentos da Deputación Provincial de Lugo, para o ano 2020, para a revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables e a homologación de complementos de destino”.

Conforme ao previsto no artigo 38 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os acordos adoptados deben ser obxecto de aprobación expresa e formal polos órganos que teñan atribuída a competencia por razón da materia.

Á vista de canto antecede, propono que a Presidencia someta á consideración do Pleno os devanditos acordos, en materia de persoal, para que este, de estimalo oportuno, en uso das atribucións que lle confiren os artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 57.18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, os ratifique...”

O Técnico Asesor de RRHH, Xesús Arrizado Yañez, toma a palabra e explica resumidamente a proposta, a conformidade da maioría da representación sindical, e que a concreción do incremento estase a estudar. Manifesta a Interventora Xeral que, para a aplicación do incremento adicional do 0,30% no orzamento 2020, cómpre transferir o crédito do Fondo de Continxencia aos créditos de persoal antes de finalizar o exercicio 2020.

As Comisi3ns Informativas de Economía, Recadaci3n, Facenda, e Especial de Contas, e Comisi3n de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstenci3n dos Sres. Deputados, D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. Jos3 Pardo Lombao, D. Jos3 Angel Santos S3nchez, D^a. Dolores Castro Ochoa, D. Jos3 Jes3s Novo Mart3nez e D. Pablo Jos3 Taboada Camoira representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no ep3grafe, e propoñer 3 Pleno a s3a aprobaci3n”.

O debate e votaci3n deste punto da Orde do D3a foi efectuado conxuntamente co asunto primeiro, sendo aprobado por unanimidade.

COMISION DE ASUNTOS DO PLENO

3.- PROPOSTA DA PRESIDENCIA, RELATIVA Á APROBACI3N DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA COMISI3N LIQUIDADORA DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA). EXTINCI3N DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), “SUPLUSA EN LIQUIDACI3N”

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

Analizado informe emitido pola Secretaria Xeral, con data 20 de novembro de 2020, do tenor literal seguinte:

“En relaci3n coa proposta da Presidencia, relativa a extinci3n da SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), procede informar:

Antecedentes

1º.- Con data 31 de marzo de 2003, o Pleno da Deputaci3n Provincial de Lugo acorda:

1º.- A aprobaci3n da Constituci3n dunha Sociedade urbanística provincial, coa denominaci3n de Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, baixo a f3rmula xurídica de Sociedade An3nima, as3 como dos seus Estatutos Sociais e con un capital social de 900.000€.



2º.- Facultar ao Presidente para realizar todos aqueles actos precisos para a posta en marcha da Sociedade no tráfico xurídico, en particular, para o outorgamento da escritura pública de constitución e da inscrición da mesma no Rexistro Mercantil.

2º.- Celebrouse Xunta Xeral extraordinaria da SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA, con data 12 de setembro de 2019, acordando a disolución da devandita sociedade e o nomeamento de liquidadores.

3º.- Con data de 12 de setembro de 2020 o Pleno da Deputación adoptou entre outros o seguinte acordo:“Acordar a disolución da sociedade e a realización de todos aqueles trámites que resulten necesarios para lograr a total extinción da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A ata a súa sucesión universal pola Deputación Provincial de Lugo, na súa condición de socio único daquela”.

4º.- Pola Comisión Liquidadora presentouse a seguinte documentación:

- Informe dos liquidadores da SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, (SUPLUSA), en liquidación, sobre o proxecto de cesión global.
- Proxecto de cesión global de activo e pasivo da SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, (SUPLUSA), en liquidación.
- Balance de cesión global
- Proposta de adxudicación de activo neto repartible resultante da liquidación e de subrogación por parte da accionistúnica de obrigas a nome da SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, (SUPLUSA), en liquidación.
- Informe completo das operacións en liquidación da SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, (SUPLUSA), en liquidación
- Proposta da Comisión liquidadora sobre a finalización dos traballos de liquidación

da SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO,(SUPLUSA), en liquidación.

5º.- Consta informe do Asesor Xurídico da Comisión Liquidadora sobre a proposta para a extinción da Sociedade, mediante cesión global de activo e pasivo.

6º.- Con data 16 de novembro de 2020 reuniuse a Comisión de Seguemento creada por acordo do Pleno da deputación Provincial de Lugo, de data 12 de setembro de 2019.

7º.- Unha vez remitida a documentación sinalada no Antecedente cuarto, dita documentación foi remitida a informe das diferentes unidades administrativas da Deputación Provincial de Lugo, que emitiron os seguintes:

- Informe do Servizo de Recursos Humanos, de data 19 de novembro de 2020, no que se remite ao Informe de data 2 de novembro de 2020.
- Informe da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo, de data 19 de novembro de 2020.
- Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 19 de novembro de 2020.
- Informe da Sección de Patrimonio, de data 19 de novembro de 2020.
- Informe da Intervención Provincial, de data 19 de novembro de 2020.

8º.- Con data 20 de novembro de 2020 o Presidente da Deputación Provincial de Lugo remite para informe un borrador de proposta sobre a extinción da SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), para a consideración do Pleno da Corporación, do tenor literal seguinte:

UNICO.- Adoptar os seguintes acordos, referidos á extinción da SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA):

A) O Pleno da Deputación de Lugo, na súa calidade de socio único da Sociedade SUPLUSA, acorda :



Aprobar a proposta da Comisión Liquidadora da SOCIEDADE URBANIÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), constituída por acordo plenario de data 19 de setembro de 2019, e en consecuencia:

- Aprobar o balance final e o informe de liquidación realizados polos liquidadores da sociedade.

- Acordar a extinción da SOCIEDADE URBANIÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), mediante a cesión do activo e pasivo consonte o art. 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais de sociedades mercantís.

B) O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, como órgano competente na materia, de acordo co disposto no art. 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local acorda, con base no apartado anterior e, unha vez examinados os informes obrantes no expediente emitidos polos servizos provinciais, acorda:

- A aceptación da cesión do activo e pasivo pasivo, consonte o art. 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais de sociedades mercantís, nas condicións establecidas no informe da Intervención Provincial de data 20 de novembro de 2020.

- A extinción da SOCIEDADE URBANIÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), con efectos dende o día 30 de novembro de 2020.

- A subrogación do persoal que presta servizos na SOCIEDADE URBANIÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), nos termos e condicións que figuran no informe do Servizo de Recursos Humanos de datas 2 de novembro de 2020 e 19 de novembro de 2020.

- A incorporación ao Inventario Provincial dos bens e dereitos nos que se subrroga, de acordo co informe emitido pola Sección de Inventario, de data 19 de novembro de 2020.

- Dispoñer que, no referente aos convenios suscritos entre a SOCIEDADE URBANIÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), a Deputación

Provincial de Lugo e diversos Concellos da provincia, estarase ao disposto na Disposición Adicional 8ª da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e ao propio clausulado de ditos convenios.

- Dispoñer que a forma de xestión do servizo, de acordo co informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, con data 19 de novembro de 2020, continúe a ser a que se viña prestando na actualidade, de xestión directa, de conformidade co disposto no art. 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réximen local.

- Dispoñer que, en tanto non se adecúe a Relación de Postos de traballo da Deputación de Lugo, os procedementos que se tramiten referidos a actividade que se viña realizando pola SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), así como seu persoal dependan, funcionalmente da Secretaría Xeral, Secretaría Xeral Adxunta, Sección de Patrimonio.

- Facultar ó Presidente para a elevación a público e, asimesmo, para asinatura e conclusión de cantos trámites resulten precisos para levar a debido efecto os acordos do pleno.

- Publicar no B.O.R.M.E e nun diario de máxima difusión da provincia de Lugo, nos termos legais exixidos.

- Facultar aos membros da Comisión Liquidadora para a elevación da escritura pública e para a cancelación dos asentos rexístrais.

Vistos os antecedentes, unha vez analizada a información aportada pola Comisión Liquidadora así como os informes emitidos polas distintas unidades xestoras da Deputación Provincial de Lugo e a parte dispositiva da proposta da Presidencia, procede informar:

1º.- Carácter do Informe.

Emítase o informe relativo a solicitude de disolución da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A. (SUPLUSA), ao tenor do art. 3.3.a) c) d) 1º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.



2º.- Normativa de aplicación.

-Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do Réxime Local (LRBRL).

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

-Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital (TRLSC).

-Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas.

-Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

-Lei 5/1997, de 22 de julio, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).

-Decreto de 17 de junio de 1955, por el que se aprueba el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales (RSCL).

-Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROF).

- Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.

-Estatutos da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A.

3º.- Procedemento

De acordo co establecido no art. 85 da Lei 7/1985, de 2 abril Reguladora de Bases do Réxime Local (LBRL), as sociedades mercantís locais, como é o caso de SUPLUSA, están sometidas ao dereito privado, salvo as materias que exceptúa o art.85 ter de dito corpo legal.

No eido do dereito administrativo debe considerarse a existencia de órganos, que coincidindo ou non coa composición dos órganos de natureza mercantil, deben de adoptar as súas decisións dentro do marco competencial que lles resulta propio. Isto é, o Pleno na

esfera xurídico administrativa, debe adoptar as súas decisións de acordo coas competencias que lle corresponden e segundo os fundamentos xurídicos xa sinalados, .

Esta tramitación comprende a adopción dunha serie de decisións que se dan no marco de expedientes administrativos.

De igual modo a Deputación de Lugo, representada polo seu pleno, adoptou acordo expreso sobre a vontade de disolver a sociedade. Dita vontade da entidade local, agora representada polo pleno como personificación orgánica do socio único, actúa na prosecución das actuacións de carácter mercantil precisas para levar a cabo o mandato da Administración Provincial,

Como xa se ten informado os acordos que implica a decisión que deriva da solicitude realizada polos Deputados Provinciais con data 7 de agosto de 2019, teñen unha dobre faceta; a mercantil referida as actuacións tendentes a extinción da Sociedade e cesión global do activo e pasivo e a administrativa, como manifestación dos actos administrativos emanados dentro da propia estrutura deste órgano provincial, considerando o carácter instrumental de dita personificación mercantil, polo que o presente se refire a dita dobre faceta do plenario provincial , sen esquecer o carácter preceptivo dos demais acordos que constan no informe de asesoría xurídica.

Adoptado o acordo de disolución polo pleno de data 12 de setembro de 2019 e efectuadas as actuacións de liquidación, nos termos comunicados e propostos pola Comisión Liquidadora, no que afecta a extinción da sociedade SUPLUSA resta o acordo ó que se refire ó artigo 390 da LSC, por terse incorporado a documentación relativa ó balance final, así como a cota resultante das operacións de liquidación.

Unha vez adoptado dito acordo que se refire dito artigo 390, polo Pleno como representante do socio único e no marco das competencias e atribucións que lle atribúe o artigo 15 da LSC, daráselle traslado ós liquidadores ós efectos do previsto no artigo 395 e seguintes respecto do outorgamento da escritura de extinción e a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para a constancia formal da extinción da personalidade xurídica de SUPLUSA., segundo a regulación establecida en dito articulado, que sinala:

“Artículo 395. Escritura pública de extinción de la sociedad.



1. Los liquidadores otorgarán escritura pública de extinción de la sociedad que contendrá las siguientes manifestaciones:

a) *Que ha transcurrido el plazo para la impugnación del acuerdo de aprobación del balance final sin que se hayan formulado impugnaciones o que ha alcanzado firmeza la sentencia que las hubieraresuelto.*

b) *Que se ha procedido al pago de los acreedores o a la consignación de sus créditos.*

c) *Que se ha satisfecho a los socios la cuota de liquidación o consignado su importe.*

2. *A la escritura pública se incorporarán el balance final de liquidación y la relación de los socios, en la que conste su identidad y el valor de la cuota de liquidación que les hubiere correspondido a cada uno.*

Artículo 396. Cancelación de los asientos registrales.

1. *La escritura pública de extinción se inscribirá en el Registro Mercantil.*

2. *En la inscripción se transcribirá el balance final de liquidación y se hará constar la identidad de los socios y el valor de la cuota de liquidación que hubiere correspondido a cada uno de ellos, y se expresará que quedan cancelados todos los asientos relativos a la sociedad.*

3. *Los liquidadores depositarán en el Registro Mercantil los libros y documentos de la sociedad extinguida.*”

En definitiva, concluida a fase de liquidación e aprobado o balance final e os efectos que corresponden se habilita a extinción da sociedade encomendando a lei que dita tramitación, outorgamento de escritura, deposito e demais obrigas se realice polos liquidadores.

Estes, xunto cun representante da Deputación, procederían en conformidade e con carácter previo o outorgamento e publicación dos acordos previos relativos á aceptación da cesión global do activo e pasivo que prescribe o artigo 87 da Ley 3/2009, de 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantis .

En conclusión, a prelación de actuacións implicaría, no caso de que se estime oportuno, que polo Pleno, como socio único, a aprobación do balance final coa sucesión universal e a aceptación pola Deputación da cesión global do activo e pasivo, a elevación a escritura pública de dito acordo, coas formalidades e requisitos establecidos na LME, coa sinatura dun representante provincial e de xeito posterior o outorgamento da escritura de extinción por parte dos liquidadores ate a desaparición formal de SUPLUSA.

Ademais da extinción da sociedade, que derivaría dos acordos previos adoptados polo socio único de SUPLUSA, prodúcense outra serie de efectos na Deputación de Lugo, que o Pleno como órgano administrativo competente debe aprobar como efecto da aceptación da proposta da Comisión Liquidadora mediante aprobación da documentación relativa ás operacións de liquidación :

4.- Sucesión universal e cesión global do activo e pasivo

Implica a subrogación da Deputación de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular mediante cesión global do activo e pasivo.

Compre recordar que, polo Asesor Xurídico da Comisión Liquidadora informase o seguinte: *“O proceso de liquidación saldou todas as débedas posibles. Con todo existen, segundo manifesta a asistencia técnica, asentos contables en pasivo que non poden ser saldados. A título de exemplo, imputacións ao pasivo contable que derivan de depósitos de particulares que reservan parcelas como opcións de compra futura, ou asentos derivados de conceptos contables “subvención”, que non poden ser saldados. Esta situación provoca que, aínda que xurídicamente non exista obrigas reseñables,*



contablemente si. Elevada consulta á notaría sobre se o proceso de sucesión universal do artigo 24 do Estatutos sería convinte realizalo pola vía da cesión global de activo e pasivo dos artigos 81 e seguintes da Lei de Modificacións estruturais, indícanos que si.....

.....

Coma se pode comprobar, o expediente consta de todos os documentos exixidos nestas disposicións co contido disposto tamén naquelas.

Sinalar que unha vez realizada a proposta por parte da Comisión Liquidadora e unha vez aprobada polo socio único, deberá de transcorrer o prazo -un mes- de publicidade antes da súa eficacia mediante inscrición no Rexistro mercantil, ex artigo 89 LME, con independencia de cando xurda efectos –entre outros- contables (art. 85.1.2º LME)[1] o acordo de extinción. No caso presente, e no teor literal da proposta, o 30 de novembro de 2020.”

Ó respecto resulta preciso facer unha consideración respecto da eficacia no ámbito administrativo. Así a acción administrativa está presidida pola nota de presunción de validez e inmediata eficacia dos actos administrativos dende o momento en que estes sexan dictados, sen que isto obste as obrigas de publicidade establecidas en garantía de socios e acreedores, resultan argumentos que amparan a eficacia inmediata no eido administrativo:

- A propia natureza do mesmo, froito do establecido no artigo 39 da lei 39/2015.
- A ausencia de interrupción nas relacións laborais, dacordo co establecido no Estatuto dos Traballadores no seu artigo 44, e á súa vinculación co resto de elementos da unidade productiva.
- A garantía que supón, fronte a terceiros, a especial natureza como Entidade Local e Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, como cesionaria do global de activo e pasivo, considerando, ó estar revestida das notas de solvencia e, excluída do

ámbito subxetivo concursal, segundo o art.1.2 Real Decreto Legislativo 1/2020, de 5 de mayo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Concursal, ó ter vocación indefinida como entidade que executa as competencias no territorio provincial, sen suxección a prazo no exercicio das mesmas para satisfacción do interese xeral, e asimesmo polo carácter responsable que se predica das administracións públicas no art. 9.3 da CE, e art. 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e o art. 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aspectos que se deben de ter en conta, como garantía dos dereitos de terceiros, xunto coa inexistencia de socios distintos da propia Deputación e a inexistencia de acreedores, en sentido estricto.

5.- Subrogación do persoal.

Sobre este aspecto emitiuse informe polo Servizo de Recursos Humanos con data 2 de novembro de 2020, nos seguintes termos:

“ 2ª.- No caso de que a Deputación Provincial de Lugo suceda a SUPLUSA quedará subrogada nos dereitos e obrigacións laborais do persoal da dita sociedade mercantil, sendoresponsable en caso de incumprimento, conforme ao previsto no Estatuto dos Traballadores, concretada na posibilidade de que a non integración do dito persoal.

3ª.- A subrogación nos contratos das persoas que están vinculadas, mediante contratación laboral, coa sociedade mercantil procede efectuala na condición de persoal laboral fixo, no caso das tres persoas que foron seleccionadas para a cobertura dunha praza fixa do cadro de persoal (organigrama) e contratadas baixo a modalidade de duración contractual indefinida (MOD 101), como se produciu no caso da Licenciada en Dereito, Dona Vanesa Vázquez Abad; do Coordinador Medio Ambiente (Enxeñeiro Tco. Forestal), Don Rubén Vidal Regueiro; e da Administrativa, Dona Mª Rocío Hernández Seijas.



No caso do Operario de Mantemento, Don Pablo Muiña Rivas, a subrogación debe manterse como contratación temporal (MOD 401), con independencia de que, de acudir á Xurisdición Social, con toda probabilidade, o seu vínculo contractual sexa declarado como indefinido non fixo, polas consideracións expostas neste informe, pero en ningún caso como traballador fixo pois non foi seleccionado pola sociedade mercantil nun procedemento convocado con esta finalidade, xa que como indican as bases da convocatoria do proceso selectivo no que resultou seleccionado e se formalizou no contrato de traballo suscrito posteriormente, baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado, o que indica que en ningún caso a súa contratación tiña vocación estrutural.

4ª.- No que fai referencia ás condicións de integración funcional dos ditos traballadores, cabe sinalar que tanto a lexislación básica de función pública (art. 73.2 do Estatuto Básico do Empregado Público) como a lexislación laboral (art.39 do Estatuto dos Traballadores) permiten a adscrición do dito persoal a aquelas Áreas, Servizos ou Unidades nos que se considere necesaria a súa prestación efectiva de traballo, en uso das atribucións de dirección e autoorganización, sen outra limitación que a de que as funcións, tarefas e responsabilidades asignadas resulten adecuadas á súa clasificación e categoría profesional, cando as necesidades do servizo así o requiran e xustifiquen ”

De todos estes aspectos, débese dar conta, igualmente, á Intervención e ó Servizo de Recursos Humanos, por si fose preciso, de forma simultánea ou sucesiva, a modificación dos instrumentos técnicos de ordenación do persoal e, no seu caso, as modificacións orzamentarias como consecuencia da subrogación do persoal.

Igualmente deberá determinarse polo Pleno a unidade administrativa que, unha vez extinguida SUPLUSA, sexa a encargada da xestión administrativa dos procedementos.

6.- Incorporación dos bens dereitos e accións no inventario provincial.

A aceptación da cesión en conseguinte subrogación nos dereitos e obrigas de extinta SUPLUSA, pro parte da deputación provincial de Lugo, implicará recoller os efectos sobre o patrimonio provincial. Ditas variacións deberán incorporarse debidamente no Inventarios de bens e dereitos, da Deputación Provincial de Lugo, nos termos recollidos no informe da Sección de Inventario, de data 19 de novembro de 2020.

7.- Modalidade de xestión

Na extinción do servizo existe unha necesidade de estudo dos mecanismos modos e formas de prestación dos servizos, ou realización das actividades, que ate a data por medio de encomendas ó medio propio se viñan realizando, e por tanto da extinción puidera derivarse un cambio nos modos de xestión, non obstante de facto non se produce cambio neste sentido ó permanecer no ámbito da xestión directa como consecuencia da sucesión universal, e en maior medida porque a competencia residía, e reside, na Deputación Provincial de Lugo, sen variación inmediata como consecuencia da extinción da sociedade instrumental, todo elo nos termos recollidos no informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 19 de novembro de 2020.

Polo tanto, na dualidade de acordos de natureza mercantil e administrativa, resulta preciso en aplicación do establecido nestes dous corpos xurídicos que, en sesión plenaria, adoptense as decisións tendentes á extinción de SUPLUSA, considerando o carácter sucesivo das actuacións precisas, coa única distinción, daquelas que :

- O Pleno adopta, como socio único de SUPLUSA, acordo relativo aceptación, ou non, da proposta da comisión liquidadora, coa aprobación, se procede do balance final , da sucesión universal na Deputación provincial de Lugo e da cesión global do activo e pasivo.
- O pleno, como órgano competente da Deputación Provincial de Lugo, como consecuencia das decisións anteriores, adopta o



acordo, ou non, de dita cesión global, subrogando, se o estima procedente, ó persoal, acordando, asimesmo, incorporara os bens e dereitos nos que se subroga, ao Inventario .

No exercicio das funcións de asistencia que corresponden a esta funcionaria, a teor do establecido no artigo 82 do ROF, e sen prexuízo da plena autonomía da presidencia para a fixación do orde do día, considerando a interrelación dos acordos, e co fin de facilitar ó outorgamento dos documentos públicos, estímase procedente o establecemento dun punto único, relativo á extinción de SUPLUSA, con incorporación de dous apartados, en función do alcance societario ou administrativo dos mesmos.

8.- Órgano competente e maioría necesaria para a adopción do acordo.

Os acordos relativos á disolución da sociedade son de competencia plenaria o abeiro do disposto no art. 302.3 da LALGA, art. 70.23^a do ROF con relación ao artigo 92.1 do RSCL e os artigos 85, 33.2 a) e o) da LRBRL.

Informado o órgano competente, resta determinar a maioría precisa para a adopción do acordo.

Debe considerarse, por tanto, que o Pleno representa a personificación do socio único e que a súa vontade equivale á da xunta xeral nunha sociedade unipersonal, como é SUPLUSA en liquidación, así para que adopte os acordos relativos a disolución, liquidación e extinción da sociedade, debe considerarse igualmente que ó Pleno será o órgano competente para decidir, dentro dos límites da normativa e das modalidades previstas no art 85 da LRBRL, como se xestionan os servizos provinciais.

Dacordo co informado, as consecuencias do acordo de extinción inciden de xeito claro, aunque indirecto, sobre a forma de xestión dos servizos públicos, sometidas ó réxime contractual administrativo ou ante unha forma de decidir sobre a concreta modalidade de xestión dos servizos de entre tódalas previstas no artigo 85 da LRBRL e lexislación concordante.

Esta interpretación integradora das afectacións e efectos xurídicos derivados dun acordo que cristalizaría na extinción da mercantil, leva a conclusión da procedencia de que dito acordo se adopte mediante unha maioría cualificada do plenario provincial.

Cómpre sinalar, por tanto, que a decisión da extinción de SUPLUSA pode ter incidencia no modo de xestión dos servizos ata a data prestados de forma directa, ou encomendados por ésta. Implicaría así a desaparición do instrumento, orgánico a través do cal se prestaban servizos de competencia provincial. De tal xeito pódese entender que esta decisión terá relevancia na xestión dos servizos provinciais, nos termos establecidos no art. 47.2 letra k) LBRL, con independencia de que o Pleno poida escoller, no futuro entre, todas aquelas previstas na normativa aplicable e recollida no art. 85 do citado texto legal. Así entendese procedente que a maioría esixible para a adopción do acordo sexa maioría absoluta, abondando na seguridade xurídica da decisión adoptada polo pleno provincial.

CONCLUSIÓN

A decisión de aceptación da proposta da Comisión Liquidadora da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A., (SUPLUSA), en liquidación, e a aceptación da sucesión universal con cesión global de activo e pasivo e demais acordos propostos require, con observancia do procedemento informado e coñecemento dos efectos que do mesmo derívanse segundo os informes que emita cada unidade xestora, previo acordo plenario provincial, por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, que representan a súa dobre dimensión de vontade, como socio único e a da propia Corporación Local.

Dos acordos que se adopten daráselle traslado á Comisión Liquidadora aos efectos do artigo 395 da LSC, isto é a extinción da Sociedade debendo facultarse a un representante da Deputación para o previo outorgamento da escritura de cesión global de activo e pasivo da sociedade..



É canto me cabe informar ao respecto, sen embargo, a Corporación acordará o que estime procedente. O presente informe emítese con carácter preceptivo e non vinculante e sometido a calquera outro informe mellor fundado en dereito”.

Con base no exposto PROPOÑO, que polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo, se adopte o seguinte acordo referido á extinción da SOCIEDADE URBANIÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA):

A) O Pleno da Deputación de Lugo, na súa calidade de socio único da Sociedade SUPLUSA, acorda:

- Aprobar a proposta da Comisión Liquidadora da SOCIEDADE URBANIÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), constituída por acordo plenario de data 19 de setembro de 2019 e, en consecuencia:
- Aprobar o balance final e o informe de liquidación realizados polos liquidadores da sociedade.
- Acordar a extinción da SOCIEDADE URBANIÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), mediante a cesión do activo e pasivo consonte o art. 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais de sociedades mercantís.

B) O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, como órgano competente na materia, de acordo co disposto no art. 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local acorda, con base no apartado anterior e, unha vez examinados os informes obrantes no expediente emitidos polos servizos provinciais, acorda:

- Aprobar a cesión do activo e pasivo, consonte o art. 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais de sociedades mercantís, nas condicións establecidas no informe da Intervención Provincial de data 20 de novembro de 2020.

- A extinción da SOCIEDADE URBANIÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), con efectos dende o día 30 de novembro de 2020.

- A subrogación do persoal que presta servizos na SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), nos termos e condicións que figuran no informe do Servizo de Recursos Humanos de datas 2 de novembro de 2020 e 19 de novembro de 2020.

- A incorporación ao Inventario Provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo co informe emitido pola Sección de Inventario, de data 19 de novembro de 2020.

- Dispoñer que, no referente aos convenios suscritos entre a SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), a Deputación Provincial de Lugo e diversos Concellos da provincia, estarás ao disposto na Disposición Adicional 8ª da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e ao propio clausulado de ditos convenios.

- Dispoñer que a forma de xestión do servizo, de acordo co informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, con data 19 de novembro de 2020, continúe a ser a que se viña prestando na actualidade, de xestión directa, de conformidade co disposto no art. 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réximen local.

- Dispoñer que, en tanto non se adecúe a relación de Postos de traballo da deputación de Lugo, os procedementos que se tramiten referidos a actividade que se viña realizando pola SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA). Así como seu persoal dependan, funcionalmente da Secretaría Xeral, Secretaría Xeral Adxunta, Sección de Patrimonio.

- Facultar ó Presidente para a elevación a público e, asimismo, para asinatura e conclusión de cantos trámites resulten precisos para levar a debido efecto os acordos do pleno.

- Facultar aos membros da Comisión Liquidadora para a elevación da escritura pública e para a cancelación dos asentos rexístrais e, asimismo, para asinatura e conclusión de cantos trámites resulten precisos para levar a debido efecto os acordos do Pleno.

- Publicar no B.O.R.M.E e nun diario de máxima difusión da provincia de Lugo, nos termos legais exixidos”.



A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao, e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Sr. Presidente manifesta que este punto, ao non ser proposta de ningún dos Grupos senón que é unha proposta da Presidencia unha vez vista documentación dos liquidadores, dálle a palabra ao señor Deputado voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, don Javier Jorge Castiñeira.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Entendo que o noso Grupo non ten o primeiro turno porque esta non é unha proposta da oposición senón que é do goberno”.

A continuación toma a palabra o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Eu xa lle dixen que é unha proposta da Presidencia, vista a documentación dos liquidadores, e polo tanto non é do Partido Socialista, nin do BNG, nin do PP, senón que é dos liquidadores; polo tanto debatemos este punto, e se vostede quere renunciar á palabra fágao, pero eu doulle a palabra para que vostede fixe a posición”.

O Regulamento, como vostede dixo un día e ten razón, fala de alternar os debates, e polo tanto agora tócalle a vostedes comezar, así que ten vostede a palabra”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Exacto, como di o meu compañeiro, como vostede é o dono do balón, xógase coas súas regras.

Como dicía o compañeiro García, o balance que fai o Partido Popular destes dezasete anos de Suplusa é tremendamente positivo, o di o Partido Popular, o demostran os feitos, están aí eses dezasete anos, e ademáis o confirman estes últimos anos tamén, pola súa acción, os Presidentes socialistas coma Besteiro e coma Tomé.

Suplusa desenvolveu cantidade de polígonos industriais, igual que o fixo Xestur na Xunta de Galicia ou que o fai o SEPES no Estado, na mesma liña. Ademáis construiu esas residencias que agora imos abrir, mercou construcións emblemáticas, e fixo servizos de xeito moi dilixente.

Señor Tomé, señora Vicepresidenta, isto non é un chiringuito, e as propias contas de Suplusa que hoxe imos aprobar o din clarísimamente, e o di a comisión liquidadora, vinte e dous millóns de euros de capital que van pasar para a Deputación de Lugo, non catorce como dixo o Presidente, e catro millóns de euros de liquidez que tamén van pasar para as contas da Deputación de Lugo. E ademáis están tan ben feitas, que permitiron facelo de forma rápida, de forma clara e cristalina, ademáis con documentación de notaría e rexistros, auditado por unha consultora

A disolución de Suplusa simplemente é unha estratexia do BNG, como dixo aquí a Vicepresidenta, para baleirar de contido e aproveitar a debilidade pasada do Partido Socialista, onde estaba con loitas internas. Xa o anticipou o Partido Popular no pleno de inicio da disolución, en setembro de 2019. Xustificamos a nosa participación nesta comisión liquidadora principalmente por dous factores, están nas páxinas 82 e 83 da acta, e dio claramente, non nos fiábase do goberno para cumprir as súas promesas, e así foi, traballadores e concellos foron traizoados, e non imos deixar desamparados neste caso tampouco ós traballadores e ós concellos.

Ademáis falabamos de corentena, e perdón pola palabra porque naquel momento aínda non estaba a pandemia, pero deixabamos en corentena a principal razón pola que o bipartito dicía “disolver Suplusa”, que era adelgazar e modernizar a administración, algo que foi absolutamente falso, é o que dixo aquí o compañeiro García, demostramos que o servizo de mantemento con Suplusa custaba o persoal 513.602,95 euros no 2019, e con Tragsa, e confirmouno vostede señor Presidente, 825.000 euros, é dicir, un 38% máis; e iso é adelgazar a Administración?, deixar Suplusa 100% Deputación, valendo 513.000 euros ese persoal e pasarllo a Tragsa, da que temos unha acción, cun sobrecoste dun 38% valendo 825.000 euros, e xa sen poñer o custe da maquinaria.



Porque o goberno da Deputación non fixo o informe dese posible custe do uso e aluguer da maquinaria?, tivo que facelo o Partido Popular, e tivo que chamar a xente do sector, esa maquinaria podería estar valorada nun ano de traballo en 450.000 ou 500.000 euros aproximadamente; vostedes non o contemplan.

Pero o peor de todo isto xa non é o sobrecoste, o peor de todo isto é que vostedes pasan por enriba da autonomía da comisión liquidadora, esquecen a maquinaria, fan vostedes o que queren, e esquecen os traballadores que os subrogan, cun agravio tremendo, a Tragsa.

Con respecto ós traballadores, de verdade llelo digo, estamos ante un goberno que se di progresista, ante un Presidente que tamén é sindicalista, e fágolle estas preguntas: cal é a diferenza entre os traballadores de Suplusa e os traballadores da Fundación Tic que se disolveu no ano 2018?, ou que os traballadores do Inludes que se disolveu no ano 2013?, é a mesma; e porque pasan uns á Deputación e outros a Tragsa?. Pero máis aínda, cal é a diferenza entre os traballadores de Suplusa das oficinas, que vostedes recomendan para pasalos á Deputación, e os traballadores de Suplusa de campo?, ningunha, porque vostedes queren que pasen a Tragsa?.

Pero é que non o dí só o Partido Popular, tamén o din os sindicatos, Comisións Obreiras que llo está pedindo, tamén llo di CSIF, o di a CIGA, o único que non o di é UGT precisamente porque ten un representante que é irmán do Presidente Tomé, mire vostede que coincidencia!. E nós non imos parar ata que recoñeza o dereito deses traballadores, así llo dicimos.

En definitiva, vostede non pode disolver Suplusa ademáis sen confirmarlle ós concellos que vai seguir con eses convenios que tiñan asinados. Non pode facelo sen contestar estas preguntas, nós dicímoslle que deixe esta situación enriba da mesa, mañá mesmo montamos unha mesa de negociación, resolven estas cousas, resolven cos traballadores, aclaran quen deu o permiso, toman responsabilidades políticas diso, acláranlle ós concellos que van seguir cos seus convenios, e o Partido Popular vai dicir exactamente o mesmo que dixo o 12 de setembro de 2019, que si sempre e cando se cumpran eses compromisos que a día de hoxe non se van cumprir”.

O Sr. Presidente manifesta que o Grupo Provincial do BNG solicitou repartir o tempo desta intervención entre dúas persoas, indicando que vai iniciar, durante un período de tres minutos a deputada dona Mónica, e os outros tres minutos utilizaráos a Vicepresidenta.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu, se me permiten, vou facer a miña intervención referida ó primeiro punto da proposta da Presidencia que vén hoxe aquí ó Pleno.

O primeiro punto é onde se presenta a proposta da comisión liquidadora da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, Suplusa, constituída por acordo plenario de data 19 de setembro, e en consecuencia aprobar o balance final e o informe de liquidación realizado polos liquidadores da Sociedade, máis acordar a extinción da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, Suplusa, mediante a cesión do activo e do pasivo. Voume cinguir a ese punto exclusivamente.

Hai unha cita moi célebre de Albert Einstein que di que hai unha forza motriz moito máis poderosa que o vapor, que a electricidade, e que a enerxía atómica, que é a vontade. E precisamente é a vontade a que nos trae hoxe aquí; estamos aquí por mandato do pleno para disolver a Sociedade Suplusa, e farémolo de maneira clara; e eu non me podo sentir máis orgullosa disto, do mandato cumprido e en prazo.

Eu quixera aproveitar a miña intervención para dar as grazas aos outros dous deputados, tanto a Pilar como a Jose Antonio, porque foron moitas horas de debate arredor dunha mesa, máis con este momento demostramos que os acordos son sempre alcanzables.

Tamén quixera lembrar a unha persoa, que hoxe non está aquí, non nos puido acompañar, pero sen o cal todo isto non sería posible, unha persoa que nos acompañou, e sobre todo nos soportou como comisión liquidadora ó longo destes catorce meses, é a persoa que exerceu como asesor xurídico no proceso de extinción.



Esta parte está lista, hoxe imos acordar a extinción de Suplusa, mais agora tamén toca mirar cara ó futuro, e mirando cara ese futuro a min como liquidadora, e tamén como deputada, me xorden ideas e tamén dúbidas ó respecto. As dúbidas derivan do volume importante de activo que se traslada á Administración provincial, e respecto da súa forma de prestación. Temos que saber moi ben o que se quere facer para poder decidir o que queremos facer. Un asunto que teremos que abordar nos próximos tempos sen demorar moito, sobre todo no momento histórico para a provincia de Lugo, que nota a perda de industria de futuro; á Xunta xa non a esperamos pero á Deputación si, a Deputación ten que estar porque ten a obriga moral e ideolóxica de traballar para isto, aquí e agora.

Así que, enterrado o pasado, non perdamos o tempo de mirar cara ó futuro, aquí e agora”.

Intervén a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu si que quero poñer en valor o esforzo feito para pechar ese chiringuito en que se convertira Suplusa debido á mala xestión e aos excesos de personalismos nos anos anteriores, e ademáis demostrar que este goberno cumpre porque efectivamente houbo un acordo do goberno para acabar con este chiringuito, e ó final, antes incluso do previsto grazas tamén ó esforzo de todo o persoal e as persoas que estiveron aí traballando durante este tempo para que poidamos traer este punto aquí hoxe. E, como ben dixen antes, os feitos nos últimos anos do mandato pasado demostraronnos que o acordo plenario adoptado aquí nesta Casa para a liquidación e extinción de Suplusa foi acertado.

Non podo deixar de lado a emoción que sinto ó ver a súa defensa das traballadoras e traballadores neste caso, de verdade que me alegra, incluso a partires de agora vou retomar a esperanza de que se poñan do lado da clase traballadora e de que atendan ás súas demandas en tódolos sectores. De agora en diante a Deputación asume as funcións de Suplusa, e tócalle definir o que se fará nos ámbitos en que actuaba Suplusa, e temos ademáis ata final de ano para resolver a situación do conxunto dos traballadores e de traballadoras, isto dígoallo para a súa tranquilidade porque aínda temos prazo e dende logo, como forzas progresistas que vostedes nos din, teremos en conta ó persoal e ó seu futuro”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Grazas a todos e a todas por chegar ata aquí, tal e como se nos outorgaba o mandato o pasado mes de setembro.

Eu no debate desta proposta da Presidencia, fronte ó pesimismo e á tristeza do señor García e a algarabía demagóxica do Sr. Castiñeira, simplemente creo que hoxe é un bo día; é un bo día para esta Deputación; é un bo día polo tanto tamén para os concellos, para o tecido económico, e para os veciños e veciñas desta provincia. Hoxe imos extinguir Suplusa, unha Sociedade á que lle podemos recoñecer un pasado útil pero que nos últimos tempos se converteu nun problema grave, porque actuou non só á marxe da Deputación, a súa institución matriz, senón en contra dela mesma, que ademáis é socia única. Polo tanto deixou de ter sentido a súa existencia.

O pasado día 12 de setembro do ano 2019 todos os Deputados e Deputadas desta Corporación aprobamos por unanimidade neste mesmo Salón de Plenos a disolución de Suplusa. Ese mesmo día constituíuse unha comisión liquidadora con representación dos tres Grupos Políticos desta Corporación e, tal e como poden comprobar na documentación que se achegou para este Pleno, nesa comisión liquidadora, co apoio do persoal asesor, fixemos un traballo complexo e laborioso, pero eu tamén creo que moi serio e rigoroso. Fixémoslo ademáis nun tempo record, xa que se nos daba un prazo de ata dous anos e sen embargo en pouco máis dun ano, en catorce meses, está xa rematado.

Polo tanto foi un proceso intenso, impecable, e feito nun tempo record; e foi un proceso de consenso, participamos as tres forzas políticas representadas nesta Corporación, e tomamos tódalas decisións por unanimidade; primeiro o acordo de disolución no Pleno, que foi por unanimidade; despois, como teñen na documentación que se achegou, todas e cadaunha das decisións adoptadas nas trinta reunións da comisión liquidadora foron tamén por unanimidade; e en terceiro lugar, e rematando xa o traballo, a comisión liquidadora tamén aprobou por unanimidade a proposta sobre a finalización dos traballos de liquidación de Suplusa. O texto desa proposta recolle que a comisión



por unanimidade propón ó Pleno da Deputación de Lugo a extinción da Sociedade conforme á Lei, e tamén a subrugación do persoal.

Unha vez recibida esta proposta da comisión liquidadora o pasado 18 de novembro, a Deputación recabou tódolos informes necesarios, do Servizo de Secretaría Xeral, de Asesoría Xurídica, de Intervención, de Inventario Xeral, e de Recursos Humanos, para convocar este Pleno.

Hoxe aprobamos polo tanto a proposta da comisión liquidadora de extinguir Suplusa, e a propia extinción de Suplusa, co que iso leva consigo que é a incorporación dos dereitos e obrigas da Sociedade na Deputación, a subrogación do persoal, e no referente ós convenios subscritos por Suplusa con diversos concellos aterse ó disposto na lei e no propio clausulado de cadaún dos convenios.

En resumo, todas e cantas decisións se tomaron para a extinción de Suplusa, ata chegar a este momento, foron por unanimidade, e todas e cadaunha desas decisións teñen os informes técnicos favorables. E tamén chegamos ata aquí, ata a extinción de Suplusa, cumprindo cun dos compromisos deste goberno, manter todos e cadaun dos postos de traballo das persoas que traballaban en Suplusa, exactamente nas mesmas condicións, e seguindo as indicacións dos informes dos técnicos que, por certo, segundo o criterio técnico, foi unha decisión técnicamente impecable.

Polo tanto coa extinción de Suplusa cumprimos dobremente, cumprimos un acordo de goberno, e cumprimos un acordo de Pleno de todos nós. Ademáis pechamos un capítulo que vai contribuir a consolidar a normalidade e a tranquilidade institucional a que fomos capaces de devolver a esta Deputación dende o comezo deste mandato.

Dado que Suplusa é ademáis o único ente instrumental que quedaba nesta Casa, tamén pechamos así o proceso de reestruturación, co que se fortalece o setor público. Afortunadamente a partires de hoxe xa non quedan chiringuitos na Deputación de Lugo; esta Administración será máis eficaz e máis útil para a cidadanía, e haberá máis control dos fondos públicos e máis transparencia.

Polo tanto hoxe é un bo día para a Deputación de Lugo, e é un bo día para toda a provincia”.

Intervén o Sr. Presidente, quen se manifesta no seguinte sentido:

“Antes de darlle o turno de palabra ó señor Castiñeira, dicirlle, aínda que eu xa crea que estaba no certo, pero me confirman que non estamos debatendo unha proposta de ninguén, senón que estamos debatendo un ditame. Polo tanto sínto reafirmarme no que dicía antes”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Vaia por diante o noso respecto evidentemente a toda esa xente que traballou na comisión liquidadora, e tamén ós traballadores de Suplusa por ese bo traballo, que é un traballo eminentemente técnico e mercantil, co que estamos de acordo e así o deixamos constar nas actas, como vostede sabe señora Pilar. Pero onde deixamos constar tamén certas circunstancias coas que non estamos de acordo, como tamén vostede sabe.

Será un bo día para vostede, pero seguramente para todos eses traballadores de Suplusa que van subrogados a Tragsa non é un bo día, que hoxe non lles deixaron entrar aquí e que os botaron o 31 de decembro deste mesmo pleno. Para esa xente non é un bo día, e non ría porque é ben certo. Tampouco vai ser bo día para tódolos Alcaldes, que non lles vai gustar moito que parte do seu futuro industrial veña vostede agora aquí e encima se ría delo.

Señora Ferreiro, levo moitos anos defendendo ós traballadores, vostede non o sei, pero na empresa privada e non concello non poderá escoitar queixas de Javier Castiñeira que sempre defendeu ós traballadores, e sigo a defendelos.

Fala de “chiringuito”, chiringuito de Suplusa no que estivo contratado precisamente Ruben Arroxo, coñéceo vostede?, é o seu tenente de alcalde, pois estivo aí contratado antes, pero daquela non se queixaba.



A verdade é que fala o BNG de vontade, pois vontade é a que falta, vontade é simplemente tratar igual ós traballadores e levalos para a Deputación, igual que se levou ós da TIC ou ós de Inludes. Vontade é simplemente dicirlle que si ós Alcaldes, que imos manter todos eses convenios, porque ademáis o di o propio informe, e vaiase aí se quere, señora García, porque efectivamente fai unha mención á lei, pero é que despois fala perfectamente de que se existe unha vontade se pode cumprir exactamente igual.

A verdade é que están facendo un traballo absolutamente malísimo e desastroso; non é un bo día, Suplusa non vai acabar hoxe, desgrazadamente o traballo que vostedes non saben facer vano facer os Xulgados de Lugo. Vostedes saben perfectamente que meteron a pata comprando unha acción de Tragsa eliminando ó Pleno; vostedes saben perfectamente que non podían dar orde de usar a maquinaria e que o tiña que facer a comisión liquidadora; vostedes saben perfectamente que os traballadores teñen no Xulgado precisamente a súa situación e este agravio; e vostedes saben perfectamente que os propios Alcaldes non se van quedar de mans cruzadas esperando a que vostedes agora, por gusto do BNG e pola insuficiencia que ten o Partido Socialista, os deixen sen solo industrial, como pasa no caso de Riotorto, que ten todo listo e llelo leva pedindo. Pois dende logo é a clara imaxe de que vostedes miran só para un lado, para os intereses do Partido Socialista e do BNG, e deixan a media provincia fóra deles”.

Intervén a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Sr. Castiñeira, eu cando crítico ou cuestiono as políticas do Partido Popular, non adoito meterme coa postura persoal de cadaún, porque cadaún vai cargar coa súa postura persoal, eu non estou xulgando nin deixando de xulgar a súa postura persoal coa clase traballadora, é máis, nin me interesa, vostede ben sabe o que ten que facer. Estou a falar da postura do Partido Popular; é máis, paréceme de moi pouca decencia política a súa de nomear aquí a unha persoa que nin está, e eu por exemplo si que demostrou outra maneira de facer política cando eu sei de nomes de persoas e non o vou dicir aquí por decencia política, porque eu si que teño decencia política, e vostede acaba de demostrar que non a ten.

Manipular os feitos como están acostumados a facer a cotío, e algo que lles vai no ADN, fai que ás veces confundan os desexos coa realidade, porque en relación cos datos dos custes de Tragsa, señor Castiñeira, sabe que están contando mentira. Pero mire, esta Deputación e este goberno vai seguir xestionando os fondos desta Casa de xeito obxecivo, e vai seguir xestionando para que os fondos desta Casa se podan repartir entre os concellos para que os propios concellos teñan unha capacidade económica para xestionar as súas necesidades, e non o criterio que está a seguir o Partido Popular de adicar as partidas orzamentarias dependendo da cor política dos concellos, e iso este goberno, señor Castiñeira, non o está a facer.

Vostedes cando defenden ós Alcaldes e ás Alcaldesas, cando defenden ás Corporacións Locais que son os máis cercanos á veciñanza para atender as súas demandas, miren para a súa Deputación modelo, a Deputación de Ourense, onde o Sr. Baltar campa ás suas anchas e pasa o rodillo persoal e político alí onde lle interesa facelo para acabar con todo o que lle poida crear conflito en toda a provincia.

Nada máis, simplemente non o tomo a nivel persoal, xa lle digo, pero vostede está demostrando a categoría política que ten”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Sr. Castiñeira, sabía vostede que o estaba enfocando a cámara e mentiu, eu nin me rin dos Alcaldes nin me rin dos traballadores, e a partires de aí vou ser moi clara e moi breve.

O proceso para a extinción de Suplusa foi impecable, feito nun tempo record, e foi un proceso de consenso, non o evite, foi un proceso de consenso entre as tres forzas políticas desta Corporación, dende o día no que aprobamos a disolución de Suplusa ata o día de hoxe; tódalas decisións se tomaron conxuntamente e por unanimidade.

Agora veñen emendarse a vostedes mesmos e polo que citou tamén o compañeiro na comisión liquidadora. Ademáis tódalas decisions teñen informes técnicos favorables, e consolidamos a normalidade, e tamén a tranquilidade institucional desta Casa; e pechamos a súa



reestructuración, como lle dixen antes, para facela máis eficaz, máis útil, e o que non é algo menor, mais transparente.

Con respecto ós convenios con diversos concellos da provincia ós que vostede se refería, a Deputación de Lugo vai cumprir co que di a Lei, e co que din as cláusulas de cadaún deses convenios; iso é o que din os informes que debemos facer, e nós imos cumprir escrupulosamente coa Lei, aínda que a vostedes non lles guste.

En relación cos traballadores, mantemos tódolos postos de traballo exactamente nas mesmas condicións e con decisións avaliadas polos informes técnicos favorables.

Con respecto ó que din de zonas verdes levan mentindo todo o pleno, señor Castiñeira; o custe da prestación do servizo con Suplusa no último ano computado era de 1.045.122,07 euros, o que levamos computado para este ano de gasto son en total cando remate o ano 825.000 euros, se os acada; esa é a totalidade.

En relación coa maquinaria, vaian preguntar ó Xulgado; hai un procedemento xudicial aberto por vostedes, e non poden pretender agora preconstruir probas aquí no pleno para logo tratar de invocalas en contra desta Institución e en favor da súa estratexia persoal e partidista.

Señores do PP, vostedes din si á proposta da comisión liquidadora de extinguir Suplusa, e acto seguido din non a que a Deputación extinga Suplusa en base a eses informes técnicos; eu de verdade llelo digo, e dígollelo ata con certo cariño porque isto xa rematou, o intento de enredar esta ocasión foiselles das mans, señor Castiñeira. Xa non quedan chiringuitos, Suplusa definitivamente acabouse, non diga vostede que vai seguir, Suplusa acabouse.

Agora vostedes, coa súa estratexia pretenden manchar o que foi un éxito rotundo, un proceso de liquidación impecable e de total consenso, e eu insisto, creo que é un gran día para a Deputación, e creo que vostedes tamén deberan sentirse reconfortados porque ó fin e ó cabo tamén se van ver libres deste embolado”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Quería preguntarlle ó Sr. Castiñeira, para aclarar e que sexa todo transparente; fixo vostede algunha proposta durante a súa primeira intervención, ou non fixo ningunha?”.

Por parte do Sr. Castiñeira maniféstase que non fixo ningunha.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Preguntáballo porque teño dúbida se tiña pedido vostede deixar sobre a mesa o documento, pero vexo que non a fixo, polo tanto que a señora Secretaria tome nota para que quede claro que non se fixo ningunha proposta.

E antes de someter a votación, como vostedes xa fixeron tantas referenzas a mín, señor Castiñeira, eu agradézollo, pero creo que son inmerecidas, eu non fago nada para que se dirixa a mín pero vosede empéñase, e non lle imos quitar tampouco o gusto.

Tanto a vostede coma o señor García vexo que botan de menos a Suplusa, é evidente porque láianse de que isto acabe, e a pregunta é: porque será señor Castiñeira?.

Mire, eu podoo entendedos humanamente, porque sofren vostedes unha perda moi dolorosa, políticamente dolorosa, pero a xestión pública, clara e transparente, feita con rigor, non pode permitir que siga adiante un chiringuito do que había persoas que presidían xenerosas asesorías, varias persoas próximas a vostedes; e diría máis, señor Castiñeira, algún deles con influencia crecente no Partido Popular.

Vostedes intentan dicir que gastamos máis ou gastamos menos, pois mire, isto é cuestión de números, señor Castiñeira, o que non se pode é enganar un mesmo ó solitario, porque iso é facer trampa, vostede se quere amañar os números claro que os amaña, pero non é verdade o que di, non sae máis caro Tragsa ca Suplusa, é ó revés; agora ben, se vostede suma cousas que non teñen que ver, pois claro que sae máis caro, pero hai que facer ben os números, igual que van facer ben os números os Xulgados cando resolvan esa cousa que fixeron vostedes por aí; non esquezan vostedes



ó señor Trillo, lembra como acabou o señor Trillo?, canto corría para o Xulgado coas cámaras detrás; pois sigan por aí, porque ó mellor acaban en Londres tamén.

Hoxe, señor Castiñeira, é un día transparente, claro e cristalino, diante de todo o mundo, coas cámaras de televisión, das emisoras de radio, da xente que nos queira estar escoitando, porque a Deputación de Lugo xa non vai ter dor de cabeza provocado por un organismo anacrónico, que nos últimos catro anos debido, e isto é o grave señor Castiñeira, as alegrías políticas e irresponsables do Partido Popular, porque Suplusa chegou a onde chegou grazas a vostedes; e non olvido un espectáculo circense, o circo que montaron vostedes nos últimos catro anos, e ese circo é simplemente inaceptable señor Castiñeira. E se vostedes son tan responsables para que votaron vostedes polas persoas esas que provocaban o escándalo?, vostedes terán algo que dicir, ou é que pasaban por aquí sen despeitearse?, non, vostedes gobernaban Suplusa, con algún axudante técnico.

Fala vostede dos Alcaldes, eu xa sei que algún dos Alcaldes van dicir algo, porque vostedes chamaron a arrebatado, mandaron uns papeliños; é máis, houbo un, moi popular entre vostedes, que ten certos atrevementos dialécticos, e que ás veces a mín ata me dan vergoña allea algún dos razonamentos, porque a verdade é que un non sabe de todo, pero parece que el si; e incluso atraveuse, por escrito, a resolver, non pedir, a validez dun determinado documento, pero é que iso non é da súa competencia, quen é el para resolver nada?; puro espectáculo señor Castiñeira.

E mire, de verdade, e enténdamo tamén, como dicía a Vicepresidenta, en ton de humor e dende logo nada persoal, é coma cando vostede a mín me gasta agunha broma destas que mandou na nota de prensa onde me chamou de todo menos guapo, pero todo é mentira porque se contradi, por un lado di que os orzamentos non valen para nada pero logo di que o orzamento tapa Suplusa, logo se tapa Suplusa será que é importante o orzamento. E logo critica que vair todo nun pleno, pero é que son dous puntos nada máis, cando nun pleno ordinario hai catorce ou quince, que quere?, que o tapamos mais?. De verdade que é unha contradición en si mesmo, vai vostede para nota.

Dito isto, como eu entendo que vostede aquí non se mete comigo persoalmente senón que se mete políticamente, eu tamén lle vou dicir unha cousa políticamente; a un bo dianteiro centro, señor Castiñeira, gústalle un bo campo de xogo, un bo dianteiro centro adoita ser elegante, salta

limpamente, remata e marca; a un mal dianteiro centro gústalle o barro, está a ver se ven un rexeite, lle da no xeonllo, e de rebote entra. Vostede pode escoller un ou o outro, o que salta e marca, ou o que rebota e marca. Así que, señor Castiñeira, vostede saberá que carreira política quere levar, de momento está vostede no barro, no céspede parece que non o vexo, pase ó lado do céspede, xogue con elegancia, e vostede critique e propoña o que queira, pero fágao de xeito responsable; porque ata agora o que levo visto nesta Deputación Provincial, sinceramente non coñezo ningunha proposta de interese e útil que teñan feito vostedes para esta provincia; porque din que os presupostos non serven para os intereses da provincia de Lugo, pois dígame vostede cales son, deixenme quedar mal, e igual que fai outras propostas faga esa, pero é que non as fai señor Castiñeira, e iso é porque non as ten; así que cando as teña fáganolas chegar. Así que políticamente señor Castiñeira, eu diríalle que vaia vostede polo primeiro apartado en vez de polo segundo.

E a continuación imos someter a votación este punto, que sen dúbida é moi importante para esta Deputación no día de hoxe e, como dixen ó principio, serán dúas votacións, votarase en primeiro lugar o apartado A) e logo o apartado B)”.

Efectuada a votación do apartado A) da proposta, que textualmente di o seguinte:

“A).- O Pleno da Deputación de Lugo, na súa calidade de socio único da Sociedade SUPLUSA, acorda:

- Aprobar a proposta da Comisión Liquidadora da SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), constituída por acordo plenario de data 19 de setembro de 2019 e, en consecuencia:
- Aprobar o balance final e o informe de liquidación realizados polos liquidadores da sociedade.
- Acordar a extinción da SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), mediante a cesión do activo e pasivo consonte o art. 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais de sociedades mercantís”.



Dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobado por maioría, e polo tanto coa maioría absoluta suficiente a que se refire o artigo 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o apartado A) da proposta da Presidencia relativa á aprobación dos acordos adoptados pola comisión liquidadora da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA). Extinción da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA). “SUPLUSA en liquidación”.

Efectuada a á votación do apartado B) da proposta, que textualmente di o seguinte:

“B).- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, como órgano competente na materia, de acordo co disposto no art. 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local acorda, con base no apartado anterior e, unha vez examinados os informes obrantes no expediente emitidos polos servizos provinciais, acorda:

- Aprobar a cesión do activo e pasivo, consonte o art. 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais de sociedades mercantís, nas condicións establecidas no informe da Intervención Provincial de data 20 de novembro de 2020.

- A extinción da SOCIEDADE URBANIÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), con efectos dende o día 30 de novembro de 2020.

- A subrogación do persoal que presta servizos na SOCIEDADE URBANIÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), nos termos e condicións que figuran no informe do Servizo de Recursos Humanos de datas 2 de novembro de 2020 e 19 de novembro de 2020.

- A incorporación ao Inventario Provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo co informe emitido pola Sección de Inventario, de data 19 de novembro de 2020.

- Dispoñer que, no referente aos convenios suscritos entre a SOCIEDADE URBANIÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA), a Deputación

Provincial de Lugo e diversos Concellos da provincia, estarase ao disposto na Disposición Adicional 8ª da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e ao propio clausulado de ditos convenios.

- Dispoñer que a forma de xestión do servizo, de acordo co informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, con data 19 de novembro de 2020, continúe a ser a que se viña prestando na actualidade, de xestión directa, de conformidade co disposto no art. 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réximen local.

- Dispoñer que, en tanto non se adecúe a relación de Postos de traballo da deputación de Lugo, os procedementos que se tramiten referidos a actividade que se viña realizando pola SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO (SUPLUSA). Así como seu persoal dependan, funcionalmente da Secretaría Xeral, Secretaría Xeral Adxunta, Sección de Patrimonio.

- Facultar ó Presidente para a elevación a público e, asimesmo, para asinatura e conclusión de cantos trámites resulten precisos para levar a debido efecto os acordos do pleno.

- Facultar aos membros da Comisión Liquidadora para a elevación da escritura pública e para a cancelación dos asentos rexístrais e, asimesmo, para asinatura e conclusión de cantos trámites resulten precisos para levar a debido efecto os acordos do Pleno.

- Publicar no B.O.R.M.E e nun diario de máxima difusión da provincia de Lugo, nos termos legais exixidos”.

Dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobado por maioría, e polo tanto coa maioría absoluta suficiente a que se refire o artigo 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o apartado B) da proposta da Presidencia relativa á aprobación dos acordos adoptados pola comisión liquidadora da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA). Extinción da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA). “SUPLUSA en liquidación”.



DEPUTACIÓN DE LUGO

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.